


**T  
E  
L  
E  
C  
L  
U  
B**



**MAREY**

**MAREY - GOMEAN - Teléfono 22 (Lugo)**





## “Feliz Noiteboa, paisanos de Marey”

Xa fai tempo que tiña desexos de falar con vos, de dicirvos unhas verbas, de parolar ledamente, a sombra d'as carballeiras, n'o adro d'a Eirexa, n'as corredoiras ou n'o Teleclub; xa fai tempo que estaba ollando alcontrar a maneira de exprayarme c'os de Marey, pra felicitarvos, pol'o menos, d'iste xeito, porque aínda que non vos trato, sei d'os vosos feitos e d'a vosa hirmandade e xuntanza. Agora presentóuseme a ocasión —gracias o voso Crego— de poder facel'lo, dende esta folla d'a Revista, e... aproveito a oportunidade. Non reparedes n'a forma; quedaivos c'o fondo, e que esto vos sirva pra seguir turrando pra diante.

Os de Marey, sin dúbada, dándovos conta, fixestes algo moi grande e importante pra exempro d'a nosa Rexión; os de Marey, dixéstelles os labregos galegos —vosos hirmans— co'a linguaxe d'os feitos, que é posible a redención d'o labrego e d'o campo, cando se traballa xuntos e unidos; os de Marey, o caladiño, com'a quen non quere a cousa, sin meter bulla, sin escarfallar forzas, fostes facendo unha verdadeira Comunidade parroquial (ue da xenio vel'la; os de Marey, o voso xeito, sin esprar c'oa boca aberta, codeliños caídos d'o Ceo ou promesas ou plans puñéstevos a traballar e os resultados están a vista: Duas Cooperativas, moitos Cursillos, xente promocionada —como se di agora— Teleclub, teléfono, cultura n'o pobo... e o mais importante: unha parroquia que está chegando a ser unha verdadeira familia.

Xa sei que aínda non estades satisfeitos; que se pode facer moito mais; que tedes outros anceos e proxectos; que surxen dificultades; que tedes que loitar co'a individualidade —herencia que nos ven d'atrás—; que non pensades todos igoal. Todo esto e verdade; pero, percisamente de eiquí, arranca o voso mérito. Se estuvérades satisfeitos, pouco se podería esperar de vos. Por todo esto, meus amigos, quero felicitarvos; xa puñestes a primeira pedra pra asentar un verdadeiro cristianismo; hay que seguir loitando pra lograr a paz, a xusticia e o amor, que nos traeo Neno Deus. Os de Marey podeades festexar a Noiteboa con paz e ledicia: merecédelo. Desde Lugo: Feliz Noiteboa, paisanos de Marey.

*Jesús Mato Mato, Asesor R. de Radio Popular de Lugo*